

**LECTORADO DE LINGUA E LITERATUA GALEGAS
UNIVERSITAT DE BARCELONA**

**MEMORIA DO ANO 2023
01/09/2023 a 31/12/2023**

**Lector: Rodrigo Herrera Alfaya
Facultat de Filologia i Comunicació**

**Responsable: María Xesús Lama López
Facultat de Filologia i Comunicació**

MEMORIA DO LECTORADO DA UNIVERSITAT DE BARCELONA PARA O PERÍODO DE SETEMBRO A DECEMBRO DO ANO 2023

<https://www.facebook.com/profile.php?id=100010712384690>

<https://twitter.com/RevistaAbriu>

Neste ano 2023 desde o 1 de setembro iniciamos o novo convenio para o período 2023-2026 coa incorporación de un novo lector, Rodrigo Herrera Alfaya, que se fixo efectiva con data 1 de outubro de 2023, a través do convenio asinado entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universidade de Barcelona. O seu traballo integrouse na Área d'Estudis Francesos, Italianos, Gallecs i Portuguesos no Departamento de Llengües i Literatures Modernes i d'Estudis Anglesos da Universitat de Barcelona.

Neste breve período de tempo continuamos coas actividades despregadas en diferentes ámbitos. En outubro, como ven sendo habitual, publicouse o número 12 da revista *Abriu*, adaptando as características formais para a web segundo todos os novos requirimentos esixidos no informe da oficina de Revistas Científicas da UB. Para os traballos relacionados coa revista foi xa de gran axuda o traballo do lector, que viña exercendo os labores da secretaría, e grazas á súa colaboración puidéronse recuperar algunhas tarefas pendentes: retomouse o proxecto da exposición virtual dedicada ao autor das Letras Galegas no espazo de exposicións virtuais do CRAI, establecemos colaboración co persoal da biblioteca para catalogar os libros de galego non acollidos nos espazos do BUB e iniciamos a xestión e planificación de actividades para recibir en Barcelona unha gran exposición sobre as Cantigas de Santa María en colaboración co Consello da Cultura Galega.

Desde a ampliación dos estudos de galego iniciada no curso 2020-2021 na Facultade de Filoloxía e Comunicación, impártense materias dentro dos graos de *Llengües Romàniques i les seves Literatures* e *Llengües i Literatures Modernes*, ademais da oferta de dúas optativas no grao de *Estudis Literaris*. A carga docente do profesorado é máxima e con escasas posibilidades de poder dedicar períodos á investigación, polo que o apoio de un lector resulta imprescindible para compartir tarefas docentes. A UB segue negándose a admitir atribuír encargo docente a persoal externo, como é o caso do lector de galego, que lamentablemente non ten vinculación contractual coa UB, polo que o seu traballo docente céntrase na impartición de seminarios dentro de materias impartidas por titulares ou os cursos complementarios na universidade ou a través da colaboración con outras entidades.

As materias impartidas neste primeiro semestre do curso 2023-2024 foron as seguintes

1. Actividade académica

As materias impartidas forman parte da docencia da Área d'Estudis Italians, Francesos Gallecs i Portuguesos, onde o equipo de Estudos Galegos oferta unha serie de **materias de lingua e literatura galegas** que se relacionan a seguir:

- **Introducció a la Llengua Gallega – S1**
- **Introducció a la Literatura Gallega -S2**
- **Llengüa gallega I – S1**

- **Traducci3 del gallec i del portugu3s -S1**
- **Estrat3gies comunicatives del gallec -S1**
- Literatura gallega dels segles XIX i XX -S2
- Romanticisme i modernitat. Gal3cia en el context europeu -S2
- Fantasia, humor i subversi3. De Castelao a Manuel Rivas -S2
- **Avanguardia i posmodernitat en la literatura gallega. -S1**
- Literatura i G3nere a Galicia, Portugal i Brasil -S2
- **Traducci3 del Portugu3s i del Gallec – S1**
- **El Cam3 de Santiago -S1**

Durante este primeiro semestre cursaron as materias sinaladas un total de 41 alumnos, tal como se informou no informe solicitado pola SXPL

2. ACTOS CULTURAIS REALIZADOS EN 2023 (a partir do 1 de setembro)

2.1. 5 de outubro de 2023 – Presentaci3n do libro de Maribel Rams Albuisch: Posmemoria, emigraci3n y guerrilla. El documental autoetnogr3fico de Maria Ruido y Carla Subirana. Acto organizado por Helena Gonz3lez e Mariela Fargas, como directoras da colecci3n “G3neros(s)” de Edicions UB. No libro anal3zase en profundidade a obra da realizadora galega Mar3a Ru3do.
19:00 h, na librer3a Documenta.

2.2. 11 de novembro – Recital e coloquio con Tamara Andr3s, Sara Villar e 3nxela Lema (en colaboraci3n co Centro Galego de Barcelona e Aula de Idiomas)
18:00 h, no sal3n de actos do Centro Galego de Barcelona.

2.3. 9 de novembro – Seminario “La auto(bio)graf3a como pol3tica del duelo y la melancol3a”, impartido por Katarzyna Moszczynska (Universidade de Varsovia), organizado por Helena Gonz3lez.
17:30 h, aula 4.3 do Edifici Josep Carner na Universitat de Barcelona

2.2. 15 de novembro – Seminario “Punxes tan fr3gils. Traducci3, feminisme i natura” impartido por Merc3 Nebot Ventura. Analizouse o traballo de traducci3n a partir da experiencia de traducir a poes3a de Marilar Aleixandre na antolox3a *Sangran libro e cereixa / Sagnen llibre i cirera* (2023)

3. PUBLICACI3NS:

Revista Abriu: estudos de textualidade de Brasil, Galicia e Portugal

3.1. 2.1. Revista Abriu: estudos de textualidade de Brasil, Galicia e Portugal

Publicouse o n3mero 12, que incl3e o monogr3fico *Saramago e o transiberismo*, coordinado por V3ctor Mart3nez-Gil. Presentouse en outubro e p3dese consultar na web da revista Abriu: <https://revistes.ub.edu/index.php/Abriu/issue/view/2758>

A Secretaria Xeral de Pol3tica Ling33stica recibiu os correspondentes 10 exemplares e, neste n3mero, a nosa publicaci3n tam3n foi integrada no catalogo da Biblioteca Nacional

de Portugal e na Biblioteca da Real Academia Galega. Xa que logo, houbo unha importante vontade de distribución.

Durante estes últimos tres meses comezamos coa preparación do número 13, que ten o monográfico *O poético e o político nas literaturas e culturas de lingua galega e portuguesa: conflito social e dialoxismos (Galiza, Portugal, Brasil e África)*, a cargo de Burghard Baltrusch. A xestión da nosa publicación é unha tarefa que supón un esforzo significativo porque require a recepción e organización de manuscritos, a coordinación constante coa área de Revistes UB e o mantemento da plataforma dixital. Con todo, a revista obtén resultados positivos nas valoracións e a súa presenza é cada vez máis significativa.

3.2. “Basilio Losada Castro. O profesor que construía pontes” por María Xesús Lama: biografía intelectual do profesor Basilio Losada publicado na revista *Estudis Romànics* 46, pp. 619-623.

4. DIFUSIÓN da lingua e a cultura galegas fóra da Universitat de Barcelona

4.1 O lector, Rodrigo Herrera Alfaya, impartiu un curso de lingua e literatura galega de tres meses no Centro Galego de Barcelona. Desde o **4 de setembro e ata o 16 de decembro** leváronse a cabo dúas sesións semanais de dúas horas cada unha na que se traballaron as competencias elementais na lingua galega (equivalentes ao CELGA 1 e 2) e comentáronse textos destacables da historia da literatura galega. Durante estes meses, o curso tivo a presenza constante de 10 alumnos de diferentes niveis.

4.2 Desde o mes de setembro, a Revista Abriu comezou a facer unha labor de divulgación a través dun perfil en X (antes Twitter) co nome **@RevistaAbriu**. Alí compártense gran parte dos artigos publicados na revista. Cada publicación é acompañada cunha imaxe ou un comentario sobre a obra ou o autor. A plataforma tamén serve para compartir a actividade doutras publicacións semellantes, o que permite crear e manter redes de colaboración. Pódese consultar o perfil no seguinte ligazón: <https://twitter.com/RevistaAbriu>

4.3. Rodrigo Herrera Alfaya, lector do centro, foi **xurado do 37º Certame de Poesía Rosalía de Castro 2023**, convocado pola Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro de Cornellá. O día 1 de decembro seleccionáronse os tres poemas gañadores do certame, que tivo unha recepción superior aos 85 poemas nesta edición. É destacable o importante esforzo de divulgación da cultura galega que mantén a asociación, Rosalía de Castro, polo que o vencello co centro non é unha colaboración menor. A relación co lectorado de galego da UB ten continuidade ao longo dos anos, colaborando sempre coa participación no xurado directamente ou achegando os contactos con outros colaboradores.

4.4. A colaboración para a organización e patrocinio do recital de poetas este ano consolida os contactos coa nova directiva do Centro Galego e coa Aula de Idiomas. Tamén colaboramos asiduamente coa ACGB, especialmente a través do club de lectura e as doazóns para a biblioteca Sabela Labraña do Ateneo Roig.

5. COLABORACIÓN CON OUTRAS UNIVERSIDADES

5.1 Participación no **I Congreso de Docencia e Difusión da Lingua nos Centros de Estudos Galegos**, celebrado na Universidade de Extremadura (UEX) o día 29 de novembro. Rodrigo Herrera Alfaya, lector do centro, presentou a comunicación *O traballo do lector na xestión de publicacións académicas en galego*.

5.2 Participación de María Xesus Lama no coloquio **Women in press. Gender Violence in the 19th Century Spanish Press** organizado polo proxecto de Investigación GenViPreF da Universitat de Barcelona en colaboración co Brooklyn College (CUNY) e coa Stony Brook University (SUNY). Como co-organizadora da xornada, xunto con Alex Alonso Nogueira e Aurélie Vialette, levou a ambas universidades debates arredor dalgunhas autoras galegas do s. XIX e participou coa comunicación *Rosalía de Castro: estrategias para escribir la violencia y «exhalar la queja de todos los labios»*. Evento realizado o 31 de outubro e o 2 de novembro de 2023.

5.1. Colaboración coa Universidade do Algarve e coa Universidade do Minho:

Participación na directiva da Asociación Internacional de Estudos Galegos.

Elaboración de bases e difusión do Premio da Asociación Internacional de Estudos Galegos para estudos desenvolvidos en universidades de fora de Galicia.

Participación no comité científico e na comisión do boletín informativo da AIEG e comisión organizadora.

En 2021 iniciouse a colaboración coa serie de publicacións de Estudos Galegos da Universidade do Algarve coa publicación da tese de María Carreira López dirixida por María Xesús Lama López

En 2023 continúa esta colaboración coa preparación dunha nova publicación, neste caso a partir da tese de María Xesús Lama López, co título *Apropiación cultural e contradiscurso histórico. A materia artúrica na literatura galega*. (en prensa).

5.2. Colaboración coa Universidade de Varsovia.

A intensa comunicación e proxectos compartidos coa Universidade de Varsovia conduciron á celebración dun seminario na Universitat de Barcelona impartido por Katarzyna Moszczyńska (ver arriba)

6. Reorganización, revisión e compra de material para a biblioteca e a hemeroteca

6.1 Creación dun catálogo dixital que conten todo o material bibliográfico escrito en galego na Área d'Estudis Francesos, Italianos, Gallecs i Portuguesos no Departamento de Llengües i Literatures Modernes i d'Estudis Anglesos. A intención é crear un repositorio virtual que permita organizar e coñecer as obras almacenadas no centro. Para iso, optouse

por unha ferramenta de libre acceso chamada LibraryThing, que permite crear diferentes coleccións asociadas a xéneros e autores. Ata este momento, foron catalogadas 132 publicacións e pode accederse á plataforma a través da seguinte ligazón:
<https://www.librarything.es/catalog/FilGalPort/todaslascolecciones>

6.2 No marco do Día das Letras Galegas 2024, o departamento está a preparar a próxima exposición dedicada a Luisa Villalta, que terá unha dimensión virtual e outra presencial na Biblioteca de Lletres da Universitat de Barcelona. Para iso, comprou todas as obras de recente publicación, reedicións e estudos relacionados coa autora que aínda non formaban parte das existencias da BUB.

Continuase actualizado o fondo bibliográfico a través de compras de libros galegos. Recóllense as propostas bibliográficas que o persoal docente considera necesarias segundo o programa de cada materia, e tamén para manter actualizado o fondo de Estudos Galegos.

7. Investigación académica no seo dos Estudos Galegos

Ver o capítulo 2. **Publicacións.**

Ademáis cómpre engadir os resultados correspondentes aos seguintes proxectos:

7.1. Colaboración do Centro ADHUC co Consello da Cultura Galega no proxecto **A Saia. Hemeroteca feminista**, coordinado por Helena González Fernández.
<https://www.ub.edu/adhuc/es/saia-publicaciones-feministas-y-lgtbiq>

7.2. Dirección do proxecto **Género, violencia y representación. Los textos de creación en la prensa femenina peninsular (1848-1918) - GenViPref PID2020-113138GB-I00**. Investigadoras principais María Xesús Lama López e Elena Losada Soler, aprobado polo Ministerio de Ciencia e Innovación para os anos 2021-2024.
<https://www.ub.edu/adhuc/es/proyectos-investigacion/genero-violencia-y-representacion-los-textos-creacion-prensa-femenina>
Preparación do congreso “Violencias opacas. El discurso de las escritoras en la prensa femenina peninsular y la agencia en el espacio público (1848-1918)”
<https://www.ub.edu/adhuc/es/congresos-i-seminaris/violencias-opacas-el-discurso-de-las-escritoras-en-la-prensa-femenina>

7.3. Dirección do proxecto **Tránsfugas e parias modernas. Género y exclusión en la cultura popular del siglo XXI** – investigadora principal Helena González Fernández, financiado polo Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades / Agencia Estatal de Investigación - MCIN/AEI/ 10.13039/501100011033 e por “FEDER Una manera de hacer Europa”
<https://www.ub.edu/adhuc/es/proyectos-investigacion/transfugas-y-parias-modernas-genero-y-exclusion-cultura-popular-del-s-xxi>